



A Coruña, a 31 de marzo de 2023.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO: ACTA Nº15 TEMP 2022-23.

Equipos participantes: CW Lugo-C.W. Santiago

Competición: Liga Galega Waterpolo Cadete.

Data de celebración: 19/03/2023.

FEITOS

- O día 21 de marzo foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuiz acta e anexo adxunto asinado polos arbitros do encontro no que se recolle:

"El jugador del equipo local números 3, Dº J.M. Pena Rivas, con número de licencia 1228058, no presenta ningún documento identificativo.

El jugador del equipo local números 7, Dº Pablo Mourelo Fernández, con número de licencia 1222214, no presenta ningún documento identificativo. "

- O día 21 de marzo deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Que o club incumpriu a normativa respecto as obrigas dos clubs respecto da documentación a aportar previa a disputa dun encontro, neste caso o documento identificativo de cada xogador: **Normativa General de Waterpolo Temporada 2022-23 Norma 5.1.2. Los equipos deberán presentar 30 minutos antes del inicio del partido, el listado de jugadores y cuerpo técnico, ordenado por número de gorro y con nombre, apellidos, año de nacimiento, no licencia. Los documentos identificativos deberán estar ordenados con respecto la relación de deportistas que van a competir exclusivamente"**.
- A non aportación de DNIs como infracción leve do Art 7 II.
a) *Para os Clubs, o incumprimento das normas federativas de preparación e dispoñibilidade das instalacións deportivas.*

RESOLVE

- Dado que son dous os xogadores que non se indentifican procede sancionar C.W. Lugo con 50 euros de multa por infracción leve. (art. 9.III.c).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco
Comité de Competición da FEGAN